

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE XUÑO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:35 horas do día 16 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de xuño (orde do día ampliada o 15 ao abeiro do acordo da Mesa de Contratación do 1 de febreiro de 2017), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. David Regades Fernández
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 8a, 9a e 11a)
D^a. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 8b e 9b)
D. Pedro María Vázquez Iglesias (asiste aos puntos 8c e 9c)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 9 de xuño de 2017

Apróbase a acta da sesión do 9 de xuño de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos de data 14 de xuño de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*. Nel indícase en relación coa proposición presentada por ERNST & YOUNG, S.L.: *“Por outro lado cualificación e formación da figura “CONSULTOR”, ademais de ser inferior en comparación da presentada por PWC, non acada a titulación do requisito establecido no APARTADO 6.D das FEC, xa que na proposta identifica a proposta do persoal a adscribir como “CONSULTOR”, coa titulación de “Enxeñeiro Técnico en Informática”, a cal non acredita a equivalencia do requisito de titulación superior-, polo cal se lle outorga como puntuación a avaliación deste apartado a de 0,00 puntos.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:22	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-E1BE3A-ABE1CE-AWATHS-89LJ4F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Derivado desta valoración debese indicar que si derivado da finalización do proceso de avaliación das ofertas presentadas, a mercantil “ERNST & YOUNG SL”, deberá acreditar o cumprimento da obriga da titulación requirida no PCAP para a figura de “CONSULTOR”, tendo en conta que na súa oferta declara que a mesma cumpre cos requisitos requiridos para esta licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307) (informe sobre B)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo do 9 de xuño se requiriu, con data 12 de xuño, a ORECO, S.A. para que presentase “a documentación correspondente ao sobre B en formato dixital, en cumprimento da cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares (“A documentación do sobre B deberá presentarse necesariamente en formato dixital”), xunto cunha declaración onde conste que o seu contido coincide exactamente coa documentación presentada en formato papel”.

A citada empresa presentou a documentación o mesmo día, da que se deu traslado á responsable do contrato para que comprobase a exactitude do seu contido co da oferta presentada en papel. Presente na sesión a responsable do contrato, manifesta que foi comprobada a documentación presentada e o seu contido se axusta exactamente ao recollido no formato en papel presentado pola empresa no prazo de presentación das ofertas.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a enxeñeira industrial e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico de data 14 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación de data 14 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos de data 14 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:22	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-E1BE3A-ABE1CE-AWATHS-89LJ4F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a enxeñeira industrial e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico de data 14 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación de data 14 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de AIN ACTIVE, S.L.U., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de maio de 2017, por non superar o umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:22	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-E1BE3A-ABE1CE-AWATHS-89LJ4F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 30 de maio de 2017:

1. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)
2. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	93,80
2	UTE FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS, S.L.P. - CONSULTORA DE INGENIERÍA MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L.	86,44
3	ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ	85,96
4	PROYFE, S.L.	84,75
5	UTE PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. - REBORDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y, S.L.N.E.U.	83,51
6	UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. - FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U.	80,95
7	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	76,84

Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE (5.825,00 euros), esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP ("cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente").



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:22	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-E1BE3A-ABE1CE-AWATHS-89LJ4F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.198,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., o día 5 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida o 14 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xuño de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento. No entanto, dado que a póliza do seguro de responsabilidade civil presentada por GOC, S.A. vence o 27 de xuño de 2017, o responsable do contrato deberá comprobar que a empresa dispoña da póliza esixida antes do inicio do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 e 30 de maio de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:22	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-E1BE3A-ABE1CE-AWATHS-89LJ4F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Adxudicar á UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) por un prezo total de 140.965,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.465,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:22	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-E1BE3A-ABE1CE-AWATHS-89LJ4F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		